



A Sociedade de Caza 'Coto Suído' organiza a '1 Xornada por unha caza sostible' para a recollida de residuos no monte

O pasado domingo 16 de setembro a Sociedade de Caza 'Coto Suido' celebraba a primeira edición dunhas xornadas para a recollida de todo tipo de residuos no monte (latas, plásticos, botellas, cartuchos, etc) no Tecor pertencente a dita sociedade e á que da nome, que inclúe as parroquias de Campo, Foce e Piñeiro do Concello de Covelo (Pontevedra), e cunha extensión total de 2.230Ha.

Baixo o eslogan 'O monte é de todos', a sociedade covelense invitou a tódolos colectivos que teñen una actividade relacionada co monte. Así, acudiron á devandita invitación máis de 100 voluntarios entre cazadores, gandeiros, veciños e membros do clube de mountain-bike 'Picaraña' de Pontearreas, máis botáronse en falta ós grupos ecoloxistas, a pesares de ser invitados ao igual que o resto de colectivos. Tamén estivo presente a Federación Galega de Caza representada por Javier Nogueira Diz, Presidente Provincial da FGC en Pontevedra, quen suliñaba que este tipo de actos conecta ós cazadores co resto de colectivos da sociedade.



A mensaxe desta xornada foi unha chamada de atención para que todo aquel que visite o monte, sexa cal sexa a súa actividade, recolla todos os residuos xerados e os deposite nos lugares axeitados. Paradóxicamente, os voluntarios comprobaron que os espazos máis limpos e mellor conservados eran aqueles nos que se desenvolvía a actividade da caza.

Gabinete de Comunicación
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
www.federaciongalegadecaza.com